



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 3 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA GRANXA, DÚAS (2) INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 E UNHA (1) INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA DE GRANXA, DE PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO, DÚAS (2) INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 REFUNDIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1. COTA XERAL; E UNHA (1) NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024, APARTADO 1 PRAZAS DE ACCESO LIBRE IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, COTA XERAL POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP nº 101 de 06.05.2021 e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal laboral que a continuación se indican, vacantes e dotadas, dúas (2) incluídas na Oferta de Emprego Público para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25 de maio de 2022 publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 120 do 27.05.2022 incluída na refundición da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 015 do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165 do 17.07.2024), figura no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, B. Réxime xurídico laboral, B.1 Cota xeral; e unha (1) incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, figura no apartado 1 Prazas de acceso libre IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)2 Réxime xurídico laboral, cota xeral, polo sistema de concurso oposición libre.

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2022	166 164	Peón/a granxa	167 166	Peón/a granxa entrada	AP	Xeral
1	2024	3397	Peón/a granxa	1818	Peón/a granxa entrada	AP	Xeral

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

- *Lei 30/1984, de 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).*
- *Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).*
- *Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).*
- *Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*
- *Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.*
- *Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP número 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.*
- *Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.*
- *Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.*
- *Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020)*
- *Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.*
- *Convenio colectivo para persoa laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).*

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, refundida na oferta de emprego público do ano 2023 apartado segundo refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022; e na oferta de emprego público do ano 2024 apartado 1 taxa ordinaria, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

- *Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".*
- *Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".*

B) SISTEMA SELECTIVO

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- *O Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: "Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dicha Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso - oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade"*

- Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...).”

- Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”

- Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP 226 de 30.09.2006), que sinala:

“Na Subescala de Servizos Especiais as plazas de Labores Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición.”

- Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

A praza de Peón/a Granxa pertence a Agrupacións Profesionais (AP) (disposición adicional sexta do TREBEP, por remisión do convenio colectivo único da Deputación Provincial de Lugo).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12/03/2021, e publicadas no BOP número 101 de 6 de maio de 2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

a) Garante a libre concorrência así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

- Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”

- Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*
- *Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.*
- b) *Recole o contido esixido no RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*
- c) *Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.*

5. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. *Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal laboral, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente, dúas (2) incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 (BOP núm. 120 do 27.05.2022), refundidas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 – apartado segundo refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, B. Réxime xurídico laboral, B.1 Cota xeral (BOP núm. 298, do 30.12.2023) e unha (1) incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, figurando no apartado 1 prazas acceso libre IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)2 réxime xurídico laboral, cota xeral (BOP núm. 301, do 31.12.2024).;*

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2022	166 164	Peón/a granxa	167 166	Peón/a granxa entrada	AP	Xeral
1	2024	3397	Peón/a granxa	1818	Peón/a granxa entrada	AP	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. *Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.*

3º. *Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.*

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/A GRANXA, VACANTES E DOTADAS ORZAMENTARIAMENTE, DÚAS (2) INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 E UNHA (1) INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal laboral, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2022	I66 I64	Peón/a granxa	I67 I66	Peón/a granxa entrada	AP	Xeral
1	2024	3397	Peón/a granxa	1818	Peón/a granxa entrada	AP	Xeral

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas seleccionadas atópanse dotadas no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, de 2 agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**5.1 Titulación académica** (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP):

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): **CELGA 2.****6. PROCEDIMENTO SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN****7. FASE DE OPOSICIÓN** Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación total da fase de oposición é de **50 puntos**.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio dunha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de vinte (20) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de vinte e cinco (25) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine podendo asistir á dita lectura as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito de un (1) tema, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será dunha (1) hora.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine, podendo asistir á mencionada lectura as demais persoas aspirantes. O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será dunha (1) hora e trinta (30) minutos.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EXERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. FASE DE CONCURSO. A puntuación total da fase de concurso é de **30 puntos**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. A puntuación máxima deste apartado é de **16 puntos**.

- **Criterios de Valoración da experiencia profesional**

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e área de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulación académicas.

• **Cadro de valoración da experiencia profesional:**

Administración Local - Deputación de Lugo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075 x cada 30 días	0,050 x cada 30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x 30 días	0,084 x 30 días	0,063 x 30 días	0,042 x 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x 30 días
--	-----------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x 30 días
--	-----------------

• **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.

- **Criterios de puntuación das titulacións académicas**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

- **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOUTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75
LICENCIATURA	2,50	3,50
GRAO	2,00	3,00
DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25
TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

- **Forma de acreditar as titulacións académicas**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.

- **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas, ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

• **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010
Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

• **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisarase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

• **Criterios de valoración idioma galego**

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao Celga 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

• **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou Celga 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou Celga 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

- **Acreditacións do nivel de galego**

Acreditarase mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

- **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

- **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓNS
NIVEL C2	1,00
NIVEL C1	0,80
NIVEL B2	0,60
NIVEL B1	0,40
NIVEL A2	0,20
NIVEL A1	0,10
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	

- **Acreditación doutros idiomas**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española. Principios xerais. A Provincia como entidade local. A Deputación de Lugo e as súas competencias e organización.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

2. Características da produción bovina. Morfoloxía e fisioloxía do gando bovino: Fisioloxía dixestiva, cardiocirculatoria, respiratoria, reprodutiva e percepción sensorial dos bovinos. Necesidades básicas dos bovinos: alimento e auga. Comportamentos do gando vacún de leite: Comportamento de descanso, actividade ruminal, alimentación e inxestión de auga. Comportamento social. A relación home-animal.

3. Sanidade animal, hixiene e bioseguridade: Bioseguridade en explotacións de gando bovino e boas prácticas de hixiene. Actuacións na prevención de enfermidades animais e zoonoses. Principais enfermidades de control interacción co benestar animal. Inspección e observación e atención de animais enfermos. Resistencia aos tratamentos. Resistencia antimicrobiana e as súas consecuencias.

4. Manexo do gando. Manexo no pre-parto, parto e postparto na vaca de leite. O período de transición na vaca de leite. Manexo da lactación. Coidado do xato recém nacido: prevención de enfermidades infecciosas do xato recentemente nacido. O calostro e o encalostrado. Manexo da recría da xovencas de vacún de leite.

5. Manexo da muxidura. Rutina de muxido e manexo dos animais durante a muxidura. O robot de muxido.

6. A reprodución no gando vacún. Controis reprodutivos. O ciclo ovárico e a detección de celos. Técnicas de reprodución asistida (IA e Transferencia de embrións).

7. Xestión ambiental e loita contra o cambio climático das explotacións. Almacenamento e xestión de estercos. Xestión de compostos nitróxenos. Xestión de emisións, ruídos e olores. Consumo de auga e enerxía.

8. A produción de forraxes. Pastoreo e ensilado de herba e millo. Recollida de herba seca. Fertilización de pradarias e laboreo de terras agrícolas.

9. Benestar animal nas granxas de vacún de leite. Principios básicos e factores que inflúen no benestar animal. Benestar que aportan as instalacións de leite. Avaliación do benestar animal e a súa importancia. Sistema Welfare Quality de avaliación do benestar animal.

Lugo, 7 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2770

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de setembro de 2025, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de agosto de 2025 das liquidacións da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e das cotas correspondentes ao 4º bimestre de 2025 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 13 de outubro ao 15 de decembro de 2025. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 30 de setembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2745

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE XULLO DE 2025

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 8 de setembro de 2025, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de AGOSTO, por un importe total de 5.797,05€ e a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 29 de setembro o, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de AGOSTO, por unha base imponible de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14.2.c da TRLRHL, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período da exposición pública dos correspondentes padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 2 de outubro de 2025.- O alcalde-presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2732

LUGO

Anuncio

19/137 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da sección de Mobilidade Urbana e Sancións, asinada pola xefa de Sección e polo concelleiro delegado de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas o 29 de agosto de 2025, do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1- Con data 30 de abril de 2024 o Excmo. Concello Pleno adoptou o acordo de aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo municipal de autotaxi do Concello de Lugo.

2- Con data 4 de xuño de 2025 publícase o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP 126) para que en trámite de información pública e audiencia aos interesados polo período de trinta días hábiles, se presenten suxestións e reclamacións polos interesados.

3- Con data 24 de xullo de 2025 a xefa de Negociado de Rexistro Xeral emite informe no que sinala que consultados os datos do Rexistro Xeral, do rexistro Telemático de entrada de documentos e da Oficina de Intercambio, non constan rexistradas alegacións ó expediente de referencia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA: A potestade regulamentaria das entidades locais atópase recollida no art. 4 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

SEGUNDA: O trámite procedemental para a aprobación e modificación das ordenanzas municipais correspóndelle ao Pleno conforme ao establecido no art. 49 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 123.1.d e 127.1.a destes do mesmo texto legal no que se refire ás competencias da Xunta de Goberno Local.

En base ó anterior, PROPÓNSE, que polo Excmo. Concello Pleno se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Dar conta da aprobación definitiva da Ordenanza xeral municipal reguladora do servizo de taxi no Concello de Lugo, cuxo texto é do seguinte teor literal seguinte:

ÍNDICE

PREÁMBULO

TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Competencia municipal

TÍTULO SEGUNDO. TÍTULOS HABILITANTES PARA PRESTAR SERVICIOS DE TAXI

Artigo 3. Os títulos habilitantes

Artigo 4. Requisitos para ser titular da licenza

Artigo 5. Limitación na titularidade de licenzas

Artigo 6. Creación de novas licenzas de taxi

Artigo 7. Transmisión das licenzas de taxi

Artigo 8. Extinción das licenzas

Artigo 9. Rexistro municipal de licenzas

TÍTULO TERCEIRO. OS VEHÍCULOS DE TAXI

Artigo 10. Normas xerais

Artigo 11. Requisitos

Artigo 12. Taxímetro

Artigo 13. Número de prazas

Artigo 14. Substitución

Artigo 15. Vehículos adaptados

Artigo 16. Pintura, distintos e adhesivos

Artigo 17. Publicidade

TÍTULO CUARTO. AS PERSOAS CONDUTORAS DO VEHÍCULO DE TAXI

Artigo 18. Normas xerais

Artigo 19. Conductor asalariado

Artigo 20. Tarxeta de identificación de conductor de taxi

Artigo 21. Requisitos para a expedición

TÍTULO QUINTO. AS CONDICIÓN XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI

Artigo 22. Normas xerais

Artigo 23. Iniciación da actividade

Artigo 24. Actividade mínima semanal

Artigo 25. Potestades do Concello

Artigo 26. Desenvolvemento do servizo

Artigo 27. Contratación do servizo de taxi

Artigo 28. Documentación obrigatoria

Artigo 29. Dereitos das persoas usuarias

Artigo 30. Deberes das persoas usuarias

Artigo 31. Obrigas dos condutores

Artigo 32. Cambio de moeda

Artigo 33. Tarifas

TÍTULO SEXTO. MODALIDADE DE SERVIZO “TRANSPORTE Á DEMANDA”

Artigo 34. Transporte a demanda

Artigo 35. Réxime de prestación do servizo do transporte a demanda

TÍTULO SÉTIMO. INFRACCIÓNS E SANCIÓN. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 36. Inspección

Artigo 37. Regras sobre a responsabilidade

Artigo 38. Infraccións

Artigo 39. Infraccións moi graves

Artigo 40. Infraccións graves

Artigo 41. Infraccións leves

Artigo 42. Sancións

Artigo 43. Procedemento sancionador

Artigo 44. Prescrición das infraccións e sancións

DISPOSICIÓN

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira - Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais

Disposición adicional segunda. Relacións electrónicas

Disposición adicional terceira. Modificacións normativas 19

Disposición transitoria 19

Disposición derogatoria 20

Disposición final 20

ANEXO: Deseño e rotulación dos vehículos afectos ás licenzas de taxi 20

PREÁMBULO

O Concello de Lugo, na sesión plenaria do 7 de outubro de 2002, aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora do servizo de autotaxis, que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A aprobación da *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*, e posteriormente do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante *Decreto 103/2018, do 13 de setembro*, supuxo importantes novidades que afectan á regulación deste ámbito. De tal xeito, resulta necesaria a aprobación dunha nova norma reguladora do réxime xurídico aplicábel ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo, que se atope adaptada ao marco normativo vixente. A propia *Lei 4/2013*, na súa disposición final terceira contemplou a obriga dos concellos de adaptar as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto nese texto lexislativo.

Unha das novidades máis relevantes que se incorporan nesta nova ordenanza é a habilitación especial do cobro individual por praza para cubrir servizos de transporte público na zona rural. Trátase de transporte discrecional a demanda en vehículos de turismo, consonte á habilitación contida no artigo 39.3 do *Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*.

TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo.

Enténdese por servizo de taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

Artigo 2. Competencia municipal

O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

- a. Sometemento a licenza municipal previa.
- a. Fiscalización da prestación do servizo.
- b. Estabelecemento das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.
- c. Ordenanza fiscal reguladora das taxas.
- d. Expedientes sancionadores respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi.
- e. Autorización para prestar servizos de taxi a varias persoas usuarias con cobramento individual por praza en zonas rurais.
- f. Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- g. Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

TÍTULO SEGUNDO. TÍTULOS HABILITANTES PARA PRESTAR SERVICIOS DE TAXI

Artigo 3. Os títulos habilitantes

A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa da correspondente licenza municipal de taxi, que habilita para a prestación dos servizos urbanos de taxi.

Constitúen títulos habilitantes para a prestación do servizo de taxi os seguintes:

—Licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi e son outorgadas polo Concello.

—Autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

As licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas. Outorgaranse sen prazo de duración prefixado, se ben a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano competente en cada caso de acordo coa lexislación vixente.

Para a prestación do servizo de taxi requírese a obtención da licenza de taxi e autorización interurbana de taxi.

Correspóndelle ao Concello de Lugo o outorgamento da licenza de taxi e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana, de forma coordinada e de conformidade co disposto no artigo 16 da *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*.

Artigo 4. Requisitos para ser titular da licenza

Só poderán ser titulares de licenzas de taxis as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da *Lei 4/2013*, e na normativa de desenvolvemento, así como estar en posesión do permiso municipal para conducir un taxi, establecido por esta ordenanza.

O titular dunha licenza municipal de taxi deberá ter plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi, coa excepción prevista na disposición transitoria terceira da *Lei 4/2013*.

Artigo 5. Limitación na titularidade de licenzas

Unicamente se poderá ser titular dun máximo de dúas licenzas municipais de taxi.

Non se poderá ser titular de licenzas de taxis en distintos concellos.

Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos a esta máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

Artigo 6. Creación de novas licenzas de taxi

Unicamente poderán outorgarse novas licenzas de taxi en caso de dispoñer do continxente necesario para isto, de conformidade co establecido no artigo 6 da *Lei 4/2013*, e na súa normativa de desenvolvemento.

O outorgamento de novas licenzas de taxi correspóndelle ao Concello de Lugo, tras o informe vinculante do órgano autonómico competente en materia de transportes, e realizarse mediante concurso público, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Artigo 7. Transmisión das licenzas de taxi

1. As licenzas de taxi serán transmisíbeis a calquera persoa física que o solicite e que acredite que reúne os requisitos establecidos na *Lei 4/2013*, tras o informe do órgano autonómico competente en materia de transportes da Xunta de Galicia respecto á procedencia de transmisión da autorización autonómica e autorización do Concello de Lugo.

2. A transmisión de licenzas, *inter vivos* ou *inter mortis causa*, realizarse seguindo o procedemento previsto nos artigos 11 a 13 do *Decreto 103/2018*.

3. Non obstante, non poderá autorizarse a transmisión da licenza de taxi nas seguintes circunstancias:

- a. Se non transcorreron, polo menos, dous anos dende a adquisición pola persoa transmisora da condición de titular da licenza de taxi. A limitación temporal indicada non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.
- a. Se a persoa transmisora e a adquirente non estivesen ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e as relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.
- b. Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias que puidesen ser impostas, por resolución administrativa firme, a persoa transmisora ou a adquirente, derivadas do exercicio da actividade como taxista.

- c. Se a persoa adquirente, como consecuencia da transmisión, superase o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nun mesmo titular ou se é a persoa titular dunha ou máis licenzas de taxi noutro concello.
- d. En caso de que o informe previsto do órgano competente en materia de transportes da Xunta de Galicia tivese carácter desfavorable ou transcorrese o prazo fixado neste informe para materializar a transmisión da licenza de taxi.
- e. E cando non se acredite que se reúnen os requisitos fixados pola normativa vixente en materia de taxis para a transmisión da licenza de taxi.

Artigo 8. Extinción das licenzas

As licenzas de taxi extinguíranse por algunha das seguintes causas:

- a. Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen persoas herdeiras.
- a. Caducidade. Procederá declarar caducadas as licenzas de taxi nos casos de:
 - Incumprimento pola persoa titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.
 - A non reanudación do servizo de taxi no prazo dun mes dende a finalización da suspensión.
 - Pola falta de dedicación á actividade da persoa titular cando esta fose esixible.
 - Pola obtención, xestión ou explotación da licenza de taxi por calquera forma non prevista na normativa de aplicación.
- b. Revogación. As licenzas de taxi poderán revogarse por motivos de oportunidade de interese público que aconsellen ao Concello reducir o número de licenzas. Neste suposto, a persoa titular da licenza terá dereito á correspondente indemnización económica, que se calculará de conformidade con aqueles parámetros obxectivos que determinen o seu valor real de mercado.

Artigo 9. Rexistro municipal de licenzas

O Concello de Lugo disporá dun Rexistro municipal de licenzas de taxi, no cal se anotarán de xeito individualizado:

- As persoas titulares das licenzas e os seus datos identificadores, incluído o domicilio para efectos de notificacións administrativas
- As persoas condutoras dos vehículos afectos ás licenzas e os seus datos identificadores.
- As persoas titulares de permisos municipais para conducir un taxi e os seus datos identificadores.
- Os vehículos afectos ás licenzas.
- As infraccións cometidas e as sancións impostas ás persoas titulares das licenzas ou ás persoas asalariadas, cando adquiran firmeza.
- Calquera outra incidencia que afecte á licenza municipal.

As persoas titulares das licenzas de taxi están obrigadas a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

O coñecemento dos datos que figuren no rexistro será público, se ben para a consulta destes polos particulares se esixirá a acreditación dun interese lexítimo de acordo co disposto no artigo 13.d da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

TÍTULO TERCEIRO. OS VEHÍCULOS DE TAXI

Artigo 10. Normas xerais

Cada licenza de taxi terá afecto un vehículo clasificado como turismo de acordo coas disposicións deste título e normativa de aplicación.

A persoa titular da licenza ten que ser titular do vehículo que se propoña para prestar o servizo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido. Nos supostos de transmisión de licenza o vehículo adscrito a licenza poderá ser o mesmo, cando o novo titular adquira a disposición dese vehículo.

Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros e a terceiros segundo o disposto na normativa vixente.

Artigo 11. Requisitos

Os vehículos destinados a prestar servizos de taxi deberán estar clasificados na súa tarxeta de inspección técnica no grupo axeitado para tal fin e reunirán as características mínimas esixidas pola normativa que resulte de aplicación.

Contarán coas seguintes características:

- Os vehículos contarán cun espazo dedicado a maleteiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado á pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe deste.
- Carrozaría pechada con portas de doado acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade.
- As dimensións mínimas e as características do habitáculo interior do vehículo e dos asentos serán as precisas para proporcionar ao usuario e ao condutor/a seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo.
- A tapizaría será de cores e deseño discreto, uniforme en todos os asentos, sen coloracións vivas nin motivos engadidos, e deberá ser dun material de doada limpeza.
- O piso irá recuberto dun material antiesvaradío e doado de limpar.
- Estarán provistos de repousacabezas en todas as prazas.
- Xanelas provistas de lúas transparentes e irrestrelables en todas as portas e na parte posterior do vehículo, de modo que se consiga a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles. As situadas nas portas deben resultar accionables por vontade do usuario.
- Iluminación eléctrica interior que permita en horas nocturnas a perfecta visibilidade do cadro de mandos, do taxímetro e de todos os elementos de control do vehículo, e que proporcione iluminación abunda do habitáculo para facilitar o cambio de moeda.
- Dotación de extintor de incendios.
- Dotación de catro portas como mínimo para o acceso de ocupantes que deben resultar accionables por vontade do usuario, a excepción da do condutor.
- Modulo luminoso exterior que sinala claramente a dispoñibilidade do vehículo.
- O taxi circulará, cando preste a modalidade de servizo de “transporte a demanda”, cos indicadores de luces adaptados a lexislación vixente e un cartel ou módulo luminoso no que se visualice a lenda “transporte a demanda”.
- Aqueles que se establezan regulamentariamente.

Artigo 12. Taxímetro

Os vehículos afectos ao servizo de taxi deben estar equipados cun aparato taxímetro con impresora de factura debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, co fin de determinar o prezo de cada servizo.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira da carrozaría tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento, de forma que en todo momento resulte clara, visible e cómoda para os viaxeiros a lectura dos valores que teñen que ser exhibidos.

Artigo 13. Número de prazas

Con carácter xeral, os vehículos afectos ás licenzas de taxi dispoñerán dunha capacidade mínima de cinco e máxima de sete prazas incluída a persoa condutora.

Non obstante, de conformidade co sinalado no artigo 25.2 da *Lei 4/2013, do 30 de maio*, poderán autorizarse vehículos de ata nove prazas.

Artigo 14. Substitución

Requírese a autorización do Concello de Lugo para substituír o vehículo afecto á licenza por outro. En todo caso, o novo vehículo deberá ser máis novo que o substituído, e deberá cumprir os requisitos previstos nesta ordenanza.

Os vehículos afectos ao servizo de taxi non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos contados dende a data da primeira matriculación.

En caso de que o vehículo alcance a dita antigüidade sen ser substituído por outro, declararase a caducidade dos correspondentes títulos habilitantes.

Artigo 15. Vehículos adaptados

Os vehículos cualificados como accesibles ou adaptados cumprirán as condicións e requisitos establecidos no *Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade*, ou norma que o substitúa.

Estes taxis prestaranlles servizo de forma prioritaria ás persoas con mobilidade reducida, pero, en caso de estar libres destes servizos, estarán en igualdade cos demais taxis non adaptados para dar servizo a calquera cidadán sen discapacidade.

Artigo 16. Pintura, distintos e adhesivos

Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán de cor branca. Levarán o escudo oficial, cunha altura de 20 cm, que se une en anexo a esta ordenanza, que se colocará no centro das portas dianteiras do vehículo.

No exterior do vehículo deberán figurar o número da licenza municipal. Os números, de 5 cm de alto por 2 cm de ancho, en cor branca, deberán ir colocados nos cristais dianteiro e traseiro, na parte dereita en ambos os casos.

No teito do taxi, na parte dianteira dereita do vehículo, irá colocado un indicador luminoso ou módulo.

No interior do vehículo, en sitio visible para os viaxeiros, colocaranse os adhesivos coas tarifas vixentes, así como unha placa co número da licenza municipal, o número de prazas e a matrícula do vehículo.

Artigo 17. Publicidade

O Concello de Lugo poderá autorizarlles aos titulares das licenzas de taxi a contratación e colocación de anuncios publicitarios comerciais no exterior dos vehículos, sempre que conserven a súa estética e non impidan a súa visibilidade.

As autorizacións ás que se refire este artigo, outorgaranse con suxeición á lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade viaria, e á normativa xeral de publicidade.

En todo caso prohibese toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

TÍTULO CUARTO. AS PERSOAS CONDUTORAS DO VEHÍCULO DE TAXI

Artigo 18. Normas xerais

Para exercer a actividade de condutor de vehículos de taxi requirirase ser titular do permiso municipal de condutor de taxi que será expedido polo Concello de Lugo. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

As persoas titulares de licenzas de taxi haberán de prestar o servizo persoalmente con plena e exclusiva dedicación á devandita actividade, dando sempre prioridade aos servizos do municipio de Lugo.

Artigo 19. Condutor asalariado

Os titulares das licenzas poderán contratar persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquelas cunha relación entre eles de carácter laboral. A contratación de condutores asalariados queda sometida ás condicións seguintes:

- a) O condutor deberá posuír o correspondente título de condución e dispoñer da correspondente capacitación profesional.
- b) O contrato será a xornada completa e con dedicación exclusiva.
- c) Cantos outros, se é o caso, se dispoñan regulamentariamente.

Artigo 20. Tarxeta de identificación de condutor de taxi

Para a axeitada identificación do condutor de taxi, o Concello de Lugo expedirá a tarxeta de identificación de condutor que conterá unha fotografía do condutor, así como, entre outros datos, o nome e apelidos; número e data de autorización do permiso municipal de condutor de taxi e número da licenza á que se ache adscrito.

Artigo 21. Requisitos para a expedición

Corresponde ao titular da licenza de taxi a solicitude da tarxeta de identificación de condutor de taxi propia e/ou a dos seus condutores asalariados, logo de pagamento da taxa correspondente.

Para a expedición da tarxeta de identificación de condutor de taxi do propio titular da licenza, deberá acreditarse documentalmente que o titular cumpre os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.
- b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos que afecten á súa capacidade física para a condución ou que repercutan negativamente sobre a seguridade viaria.
- c) Estar dado de alta no réxime que corresponda da Seguridade Social.

Para a expedición da tarxeta de identificación dos condutores asalariados deberá acreditarse documentalmente que os condutores cumpren os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.
- b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos.

c) Estar inscrito como condutores e en situación de alta no réxime da Seguridade Social de acordo coa lexislación laboral vixente.

d) Posuír contrato de traballo de acordo coa normativa laboral vixente.

O titular da licenza de taxi deberá solicitar a substitución destas tarxetas de identificación cando se produza a variación de calquera dos datos consignados nestas.

TÍTULO QUINTO. AS CONDICIÓN XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI

Artigo 22. Normas xerais

Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán dedicarse á prestación do servizo exclusivamente regulado nesta ordenanza.

Artigo 23. Iniciación da actividade

As persoas que adquieran a titularidade dunha licenza de taxi deberán iniciar a prestación do servizo no prazo máximo dun mes, contados dende a data de notificación da autorización.

Artigo 24. Actividade mínima semanal

Salvo nos períodos de descanso, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores, a actividade mínima do taxi será de corenta (40) horas semanais.

Artigo 25. Potestades do Concello

O Concello ten a potestade de ordenar o servizo co fin de garantir en todo momento a súa prestación coas debidas condicións de calidade e extensión, e a satisfacción das necesidades dos usuarios e da mobilidade urbana en xeral.

En exercicio de tal potestade poderá:

- Logo de audiencia as asociacións do sector e Consello Galego do Transporte, poderá establecer o réxime de horarios, calendario, descansos, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores.
- Establecer as disposicións que, de acordo coa lexislación vixente, considere oportunas para que se garanta a existencia de vehículos adaptados para transportar as persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas.
- Sinalar os lugares de parada nos que os taxis poidan estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiros, facilitando na súa localización o acceso a persoas con mobilidade reducida.

Para a localización, modificación ou supresión de paradas de taxi darase audiencia ás asociacións profesionais representativas do sector e ás asociacións representativas de persoas consumidoras e usuarias.

Artigo 26. Desenvolvemento do servizo

O servizo considerarase iniciado no momento e lugar de recollida do usuario. Deberá entrar o aparato taxímetro en funcionamento no momento en que o vehículo inicie a marcha, despois de que o usuario indique o punto de destino.

Cando se trate dun servizo contratado por chamada na vía pública, por reserva previa ou por calquera outro medio telemático, o servizo considerarase iniciado no lugar de partida do vehículo. O cadro tarifario considerará unha contía máxima pola utilización deste modo de contratación.

O aparato taxímetro iniciará o servizo coa tarifa de “inicio da viaxe” que corresponda, interrompéndose a continuidade do contador cando chegue á contía máxima establecida.

No momento no que o viaxeiro e a súa equipaxe se encontren debidamente instalados e se indicase o punto de destino ou, se é o caso, cando o vehículo chegue á hora e punto de recollida convidados, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

A continuidade do contador interromperase definitivamente ao finalizar o percorrido, ou provisionalmente, ademais do suposto considerado no apartado anterior, durante as paradas provocadas por accidente, avaría, cambio de moeda ou outros motivos non imputables ao usuario. Nestes casos, unha vez resolto o incidente, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

A toma de carburante ou recarga só poderá realizarse estando libre o vehículo, salvo autorización expresa do viaxeiro, en cuxo caso se interromperá a continuidade do contador.

Artigo 27. Contratación do servizo de taxi

A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria.

a) Nas paradas establecidas.

b) Mediante a súa chamada na vía pública.

c) Por medios telemáticos.

d) Mediante a súa reserva previa.

e) Por outros modos que puidesen ser establecidos pola normativa de desenvolvemento da *Lei 4/2013, do 30 de maio*.

A persoa condutora pode denegar a prestación do servizo de taxi cando fose solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorresen circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo e concretamente:

- Ser requirido por individuos perseguidos pola Policía.
- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ao das prazas autorizadas para o vehículo.P
- Cando calquera dos viaxeiros se ache en estado de manifesta embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, agás nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando o atavío dos viaxeiros, ou a natureza e carácter dos vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores, poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.
- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do condutor coma do vehículo.

A recollida e a baixada de pasaxeiros poderá efectuarse en calquera punto da vía pública onde o usuario o requira sempre que non se vulneren as disposicións sobre tráfico e seguridade viaria ou afecten gravemente á fluidez do tráfico.

Nos momentos nos que na cidade de Lugo se estea desenvolvendo algunha celebración relevante para a cidade, a título de exemplo o San Froilán, o Arde Lucus o Caudal Fest ou calquera outro evento de afluencia de visitantes, poderase estacionar nas paradas o número de vehículos necesario para atender a demanda de servizos, sempre e cando exista dispoñibilidade de espazo para realizar o estacionamento ou a parada sen perturbar a circulación.

Artigo 28. Documentación obrigatoria

Os vehículos afectos ao servizo de taxi deberan estar provistos da seguinte documentación:

- Licenza municipal de taxi.
- Permiso de condución.
- Permiso municipal de condutor.
- Permiso de circulación do vehículo.
- Tarxeta de inspección técnica do vehículo en vigor.
- Póliza e recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Un exemplar desta ordenanza e o cadro de tarifas aplicable ao servizo.
- Boletín de identificación e control metrolóxico do aparato taxímetro.
- Follas de reclamacións, axustadas á normativa vixente.
- Calquera outro documento esixible de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 29. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos:

- a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres xestantes, e deberán cargar e descargar a súa equipaxe.
- b) A identificar a persoa condutora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.
- c) Á prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.
- d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.
- e) A seleccionar o percorrido que consideren máis axeitado para a prestación do servizo. No suposto de que non exercitasen o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia para percorrer coma o tempo considerado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.
- f) A obter información sobre o número de licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.

- g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.
- h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezan.
- i) A que se facilite á persoa usuaria o cambio de moeda ata a cantidade que regulamentariamente se estableza.
- j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora e, a petición da persoa usuaria, o itinerario percorrido.
- k) A formular as reclamacións que consideraran oportunas en relación coa prestación do servizo, e deberá facilitar o condutor ou condutora, a petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.
- l) Cantos outros se establezan legalmente ou regulamentariamente.

Artigo 30. Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo de taxi haberán de cumprir as normas de utilización que se establezan regulamentariamente, tendo, en todo caso, os seguintes deberes:

- a) Adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.
- b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.
- c) Non manipular, destruír ou deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.
- d) Absterse de fumar, beber alcohol, inxerir alimentos ou consumir calquera tipo de substancia estupefaciente no interior do vehículo.
- e) Respetar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.
- f) Cumprimento de normas de utilización que se establezan regulamentariamente.

Artigo 31. Obrigas dos condutores

Os condutores dos vehículos de taxi están obrigados a:

1. Axudar a subir e baixar do vehículo aos viaxeiros que o necesiten por razóns de idade, minusvalías ou estado de saúde.
2. Recoller a equipaxe do viaxeiro, colocalo no maleteiro e entregarllo á finalización do servizo, en todo caso a pé do vehículo.
3. Coidar o seu aspecto persoal e vestir axeitadamente durante a prestación do servizo. Quedará prohibida a utilización de pezas e calzado de baño, así como os pantalóns curtos e as camisetas sen mangas.
4. Subir ou baixar o volume da radio e doutros aparatos de imaxe e son que puidesen estar instalados no vehículo, ou apagar estes se o viaxeiro o solicita.
5. Permitir a apertura ou peche das ventás dianteiras ou traseiras.
6. Respetar a elección do usuario sobre o uso do aire acondicionado ou climatización, sempre que a temperatura solicitada non sexa inferior a 18° nin superior a 25°, salvo que condutor e usuario estean de acordo noutra inferior ou superior.
7. Observar un comportamento correcto con cantas persoas soliciten o seu servizo.
8. Respetar as normas de contratación do servizo de taxi.
9. Facilitarlles aos pasaxeiros que o soliciten unha folla de reclamacións.
10. Revisar o interior do vehículo ao finalizar cada servizo para comprobar se o usuario esqueceu algunha das súas pertenzas neste. Neste caso, e se non poden devolvelas no acto, deberán depositalas na oficina da Policía Local.

Artigo 32. Cambio de moeda

Os condutores dos vehículos ao servizo de taxi están obrigados a facilitarlle ao usuario cambio de moeda ata a cantidade de 50 euros.

En caso de que o condutor teña que abandonar o vehículo para obter moeda fraccionaria en contía inferior ao devandito importe, ou ao que no seu caso se fixe, deberá interromper provisionalmente o taxímetro.

No suposto de que o usuario vaia pagar o servizo cunha cantidade que supoña devolver un cambio superior a 50 euros, deberá advertirlllo ao condutor antes de iniciar o servizo. En caso de non o facer, será obriga do devandito usuario facerse co cambio e durante o tempo investido manterase funcionando o taxímetro.

Artigo 33. Tarifas

A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.

As tarifas poderán ser revisadas periodicamente ou, de xeito excepcional, cando se producise unha variación nos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

O Concello de Lugo aprobará, tras audiencia ao Consello Galego de Transportes, e de acordo coa lexislación vixente, as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.

DISPOSICIÓNS

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira - Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais

Todas as modalidades de servizo definidas nesta ordenanza poden requirir o manexo e tratamento de datos persoais tanto de persoas operadoras como usuarias.

O tratamento destes datos realizarase con observancia do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación.

As persoas operadoras, xunto con aquelas centrais de reserva, plataformas de xestión, ou semellantes, que manexen ou traten datos persoais poderán facelo con cumprimento do marco legal, con habilitación dos protocolos, criterios e garantías que se recollen na normativa, como os criterios de proporcionalidade e seguranza e garantía dos dereitos de protección, entre outros.

As persoas operadoras, centrais e plataformas terán dereito de acceso a rexistros públicos sempre e cando sexan necesarios para a operativa do servizo e, en especial, a aqueles que poidan condicionar medidas de fomento do servizo, para a bonificación ou subvención ás persoas usuarias, para compensación do servizo etc. O Concello facilitará a xestión dos devanditos accesos, sempre de xeito ordenado e coas garantías que estipula a normativa aplicable.

O Concello como responsable e titular da competencia terá dereito de acceso aos rexistros dos operadores para os labores propios de supervisión, control e seguimento e na medida en que o acceso sexa imprescindible para o correcto exercicio das devanditas tarefas, así como para a xustificación e control.

Disposición adicional segunda. Relacións electrónicas

As persoas titulares das licenzas municipais de taxis, profesionais e calquera outra persoa que inicie relacións co Concello de Lugo relativas ao sector do taxi están obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración municipal.

Disposición adicional terceira. Modificacións normativas

As referencias contidas nesta ordenanza a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.

Disposición transitoria



No non previsto nesta ordenanza, será de aplicación o disposto na *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia* e o *Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 4/2013* e supletoriamente a lexislación estatal.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza municipal reguladora do servizo de autotaxis do Concello de Lugo, aprobada polo Pleno da corporación na sesión do 7 de outubro de 2002.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da *Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local*.

ANEXO: Deseño e rotulación dos vehículos afectos ás licenzas de taxi

De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos:

Lugo, 1 de outubro de 2025.- O alcalde, Miguel Fernández Méndez. A secretaria xeral, Ana María Rivas García.

R. 2733

Anuncio

2/120 APROBACIÓN INICIAL DAS TARIFAS QUE HAN DE REXER O SERVIZO DE AUTOTAXIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA SECCIÓN DE MOBILIDADE E SANCIÓN, asinada pola xefa de sección e o tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas o 2 de setembro de 2025, do teor literal seguinte:

“Antecedentes de Feito

Proposta da Asociación de Profesional de Trabaxadores Autónomos de Auto Taxi y Gran Turismo de la Provincia de modificación de tarifas de taxi para o ano 2026 conforme o estudo económico que consta no expediente, do seguinte teor:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,15 €*
Kilómetro percorrido	1,12 €
Hora de espera	20,24€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: Sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6:00 a 22:00 horas.

Baixada de bandeira	4,51 €
Kilómetro percorrido	1,23 €
Hora de espera	20,48 €

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)

Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas.

De 00:00 a 24:00 horas a fin de semana da festividade de Arde Lucus (sábado e domingo), festividade de San Froilán (días 5 e 12 de outubro) e sábados e domingos durante estas festas, e días 25 de decembro e 1 de xaneiro (día de Nadal e Ano Novo).

De 15:00 a 24:00 horas os días 24 e 31 de decembro.

Baixada de bandeira	5,08 €*
Kilómetro percorrido	1,48 €
Hora de espera	25,67 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,61 €*
----------------------------	---------

*Primeira maleta/bulto gratuíto.

A Asociación propoñente da modificación descrita baséase en parámetros obtidos dos datos que manexa o propio sector como son o tipo de servizos prestados e kilómetros percorridos. Propoñen un incremento lineal do 2,7% do importe correspondente a tódalas tarifas respecto das autorizadas no 2025 así como unha modificación da Tarifa 3 que sinalan máis axustadas á realidade conforme ó estudo económico presentado e que consta no expediente.

O exame que se achega pola Asociación de Taxis utilizado para o cálculo da reestructuración das tarifas ten en conta gastos de persoal (cálculo de salario anual e titular asalariado e costes de seguridade social) gastos de explotación (IVTM, seguros, cuota de Radiotaxi, garaxe, ITV...), e datos estatísticos (estimación de kilómetros anuais a percorrer, en vacío, en servizo, horas traballadas, número de servizos anuais e outros), gastos do vehículo e estimación de ingresos a percibir coa proposta de modificación.

Para o establecemento das tarifas haberanse de ter en conta varios condicionantes técnicos como son:

1.- As cantidades que marque o contador deben ser múltiplos de 0,05 €, por ser este o valor de paso, é dicir, os saltos do taxímetro deben ter unha resolución de 5 céntimos de euro, e este é un requisito do aparato taxímetro segundo o anexo XI do RD 889/2006, de 21 de xullo polo que se regula o control metereolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida. Polo tanto a tarifa “baixada de bandeira” ha de seguir ese criterio.

2.- Os suplementos han de conservar a actual simplificación e adoptar o criterio de valores redondeados coa fin de facilitar a suma á cantidade marcada no taxímetro.

3.- Evolución do IPC.

4.- Mellora na calidade do servizo e o custe que ten para os titulares das licenzas.

5.- Ofrecer ós consumidores un prezo equilibrado.

Tendo en conta o anterior e considerando a proposta presentada, cabe sinalar o seguinte:

- Tarifa 1: Días laborais de 06:00 a 22:00 horas.

A tarifa de baixada de bandeira supón un incremento do 2,47% respecto das tarifas vixentes. Pásase de 4,05 a 4,15€.

Kilómetro percorrido: Supón un incremento dun 1,82% sobre a tarifa vixente pasando de 1,10 a 1,12 €.

Hora de espera: Prodúcese unha modificacións respecto ás vixentes, pasando de 16,80 a 20,24€ producíndose un incremento do 20,47%.

- **Tarifa 2: Sábados, domingos, festivos, días laborais durante a festa de San Froilán de 06:00 a 22:00 horas.**

Baixada de bandeira: Supón un incremento do 2,5% respecto das vixentes pasando de 4,40€ a 4,51€.

Kilómetro percorrido: A tarifa proposta incrementase nun 2,5% respecto das actuais pasando de 1,10 a 1,23€.

Hora de espera: A tarifa proposta pasa de 19,95 a 20,48€ respecto ás vixentes, polo que se incrementa nun 2,66%.

- **Tarifa 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24:00 horas)**

Baixada de bandeira: Incrementase nun 2,63% respecto das vixentes pasando de 4,95 a 5,08€.

Kilómetro percorrido: Pasa de 1,45 a 1,48€ o que supón un incremento dun 2,63%.

Hora de espera: Incrementase de 25,00 a 25,67 € o que supón unha subida dun 2,68%.

Suplementos (equipaxe-maleta ou bulto): Proponse unha tarifa de 0,61€ con gratuidade para a primeira maleta ou bulto, supoñendo un incremento dun 1,67%.

A asociación propón a inclusión na tarifa 3 da fin de semana do Arde lucus (sábado e domingo), os sábados e domingos durante as festas de San Froilán, e os días de Noite Boa e Fin de Ano de 15:00 a 24:00 horas.

Normativa de aplicación:

- **Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turismo de Galicia**, modificada pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais, administrativas que regula o réxime económico do servizo de taxi.

Art: 40. 1: “A prestación do servizos de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que deberán garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización, e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.”

Art: 40.4: “As tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou no seu caso polas entidades competentes das áreas de prestación conxunta. Estas tarifas serán de aplicación aos servizos interurbanos, no tramo que discorra polo termo municipal de orixe do transporte. Fóra deste, aplicaranse as tarifas interurbanas que serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia. Para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa á súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, para solicitar as condicións que estime pertinentes. En todo caso, a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos.”

- **Lei 7/1996, do 7 de xuño, de Medidas urxentes de carácter fiscal e fomento e liberalización da actividade económica (disposición final, Anexo II)**

- **Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.**

- **Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.**

- **Decreto 230/2020, do 23 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.**

- **Decreto 106/1984, do 24 de maio, polo que se modifica e regula a composición e funcións da Comisións de Prezos de Galicia.**

En base ó anterior, **PROPÓNSE**, que polo Excmo. Concello Pleno se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar, inicialmente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,15 €* [*]
Kilómetro percorrido	1,12 €
Hora de espera	20,24€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira	4,51 €*
Kilómetro percorrido	1,23 €
Hora de espera	20,48€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas; de 0 a 24:00 horas a fin de semana de Arde lucus (sábado e domingo), de 0 a 24:00 horas os días 5 e 12 de outubro e sábados e domingos durante as festas de San Froilán e de 15:00 a 24:00 horas os días 24 e 31 de decembro e de 0 a 24:00 horas os días de Nadal e Ano Novo.

Baixada de bandeira	5,08 €*
Kilómetro percorrido	1,48 €
Hora de espera	25,67 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,61 €
----------------------------	--------

*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto.

SEGUNDO: A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2026, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO: Dar traslado da proposta de modificación das tarifas de taxi presentada pola Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Autotaxi e Gran Turismo da Provincia de Lugo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan formular cantas alegacións e suxerencias teñan por conveniente.

CUARTO: De non presentar alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado de dita proposta de modificación das tarifas ó CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES para que en audiencia preceptiva e previa á aprobación polo Excmo. Concello Pleno, expoña as consideracións que estime pertinentes para a súa posterior remisión á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en taxi."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, celebrada o día 18 de setembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar, inicialmente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,15 €*
Kilómetro percorrido	1,12 €
Hora de espera	20,24€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira	4,51 €*
Kilómetro percorrido	1,23 €
Hora de espera	20,48€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas; de 0 a 24:00 horas a fin de semana de Arde lucus (sábado e domingo), de 0 a 24:00 horas os días 5 e 12 de outubro e sábados e domingos durante as festas de San Froilán e de 15:00 a 24:00 horas os días 24 e 31 de decembro e de 0 a 24:00 horas os días de Nadal e Ano Novo.

Baixada de bandeira	5,08 €*
Kilómetro percorrido	1,48 €
Hora de espera	25,67 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,61 €
----------------------------	--------

*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto.

SEGUNDO: A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2026, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO: Dar traslado da proposta de modificación das tarifas de taxi presentada pola Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Autotaxi e Gran Turismo da Provincia de Lugo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan formular cantas alegacións e suxerencias teñan por conveniente.

CUARTO: De non presentar alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado de dita proposta de modificación das tarifas ó CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES para que en audiencia preceptiva e previa á aprobación polo Excmo. Concello Pleno, expoña as consideracións que estime pertinentes para a súa posterior remisión á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en taxi.

Lugo, 1 de outubro de 2025.- O alcalde, Miguel Fernández Méndez. A secretaria xeral, Ana María Rivas García.

R. 2734

MEIRA**Anuncio****APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO PARA OS EXERCICIOS 2025-2026.**

O Pleno da Corporación do Concello de Meira, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2025, adoptou acordo de aprobación do Plan económico-financeiro referido aos exercicios 2025-2026.

En cumprimento do previsto no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, a aprobación acordada sométese a información pública con publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de quince días contados desde a súa publicación.

Unha copia do plan económico-financeiro está a disposición do público desde a súa aprobación polo Pleno da Corporación Local, ata a finalización da vixencia do propio Plan, podendo ser consultado na sede electrónica do Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Meira, 2 de outubro de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2735

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 22 de 2025, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **03 de setembro de 2025** polo importe de **douscentos dezasete mil trescentos once euros con vintecatro céntimos (217.311,24)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de ser aprobado dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1	Gastos de Persoal	2.445.329,33
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	1.243.883,88
Cap. 3	Gastos Financeiros	9.258,21
Cap. 4	Transferencias Correntes	80.946,06
Cap. 6	Inversións Reais	568.663,78
Cap. 7	Transferencias de Capital	91.741,56
Cap. 9	Pasivos Financeiros	37.143,20

SUMA TOTAL 4.476.966,02 euros

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 3 de outubro de 2025.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2746

PANTÓN

Anuncio

Na sesión celebrada o 26.09.25, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o padrón fiscal do prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de xullo de 2025.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributo ao cobro: Prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de xullo de 2025.

- Prazo de ingreso en período voluntario: 16.09.25 ao 15.11.25, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 10.10.25.
- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 2 de outubro de 2025.- O alcalde, José Luís Álvarez Blanco.

R. 2736

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2025, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora no Concello de Rábade. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas. No caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 25 de setembro de 2025.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 2737

VIVEIRO

Anuncio

Con data de 10 de outubro do 2025, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

Tributo	Exercicio	Importe
Taxa Entrada Vehículos a Través das Beirarrúas(Vados)	2025	48.874,94-€

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **10 de outubro** de 2025 ata o **10 de decembro** de 2025, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidades teñen establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 10 de

novembro de 2025 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.

- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 1 outubro de 2025.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 2738

Anuncio

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 17 de febreiro de 2025 Núm. 039, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 26 de febreiro de 2025, DOG Núm. 39, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 25 de marzo de 2025, Núm. 72, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) persoal laboral fixo na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 22 de setembro de 2025 Núm. 218, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…)PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base á proposta do Tribunal, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de D. OSCAR FERNÁNDEZ LOUZAO, como aspirante seleccionado, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “OPERARIO/A CON DESTINO CEMITERIO” (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial...”

Vista a base xeral 13, que sinala:“(…) 13.3.- Se o/a aspirante, seleccionado/a, declarado aprobado na relación definitiva de aprobados, non presenta os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsedade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do/da aspirante proposto/a.

Unha vez presentada a documentación referida neste punto procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal laobral fixo ao/a aspirante proposto/a, mediante Resolución de Alcaldía, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, debendo formalizar a correspondente contratación no prazo de 15 días naturais a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia; de conformidade co disposto no artigo 114.12 en consonancia coa Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xusticia, función pública, réximen local e mecenazgo.

De non presentarse á formalización do correspondente contrato laboral neste prazo o/a aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso...”

Tendo en conta que a aspirante seleccionada presentou a documentación en tempo e forma que se requería no punto 13 das bases xerais.

Unha vez conste no expediente a existencia de consignación orzamentaria e unha vez se conte informe de fiscalización previa.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **D. Oscar Fernández Louzao** como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade unha praza vacante “**OPERARIO/A CON DESTINO CEMITERIO**” (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- O prazo de toma de posesión será de 15 días naturais a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia. De conformidade co disposto no artigo 114.12 en consonancia coa Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xusticia, función pública, réximen local e mecenazgo, así como o disposto na base 13.3 das bases que rexen o proceso.

De non presentarse á formalización do correspondente contrato laboral neste prazo o/a aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución á interesada, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 3 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González. Ante min, a secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 2747

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 02 de outubro do 2025, o expediente de modificación do orzamento 2025 relativo ao anexo de subvencións nominativas, de maneira que o PERCEPTOR E CIF da subvención nominativa en concepto de Romería do Naseiro 2025 por importe de 20.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48911 sexa Asociación Comisión Romería do Naseiro co CIF G-22747737 e o PERCEPTOR E CIF da subvención nominativa en concepto de GASTOS DE TEMPADA 2025 por importe de 500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3400.48910 sexa “VIVEIRO CLUB BILLAR ” co CIF G-27154855, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo,

Viveiro, 3 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 2748

XOVE*Anuncio*

Por Decretos de Alcaldía nº 2025-1683 e 2025-1684 de data 25 de setembro de 2025, aprobáronse inicialmente os Padróns do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrenza e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de agosto de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 01 de outubro de 2025 ata 01 de outubro de 2025; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 29 de setembro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2739

NOTARÍA*Anuncio*

YO PATRICIA POSSE PAZ, Notaria con despacho en Lugo, sito en la calle de la Reina, 21, 2ºBC, hago saber a Don José González Gegúndez o sus herederos, que se ha aprobado con la mayoría exigible conforme al procedimiento de la Ley de Derecho Civil de Galicia en los artículos 294 y siguientes, a la partición de las herencias de Baldomero González Tadín y de Concepción Gegúndez Fernández, habiéndose formalizado el cuaderno particional en escritura autorizada por mí el día 29 de septiembre de 2025, bajo el número 1848 de mi protocolo, que tiene a su disposición en esta Notaría.

Lugo, tres de octubre de dos mil veinticinco.- Notaria, Patricia Posse Paz.

R. 2749